

Anas platyrhynchos Linnaeus, 1758

	lavanco
	ánade real, azulón
	basahate
	à nec collverd, à nec de bosc
	mallard, wild duck
	pato-real



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	0,72-1,58 kg
Lonxitude	20-65 cm
Envergadura	81-98 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Anseriformes	Anatidae	Anas

ALIMENTACIÓN

Insectos, gasterópodos, crustáceos, sementes, plantas e anfibios.

COMPORTEAMENTO

Son moi sociais, formando grandes bandadas agás pola época de celo, na que viven en parella. Son sedentarios nas zonas temperadas da súa distribución, mentres que nas outras migran ás frías no verán e ás cálidas no inverno.

REPRODUCCIÓN

O período de celo abarca dende que forman parellas en outono até que as femias poñen 6-16 ovos en primavera, poñendo un ao día, que incuban durante 27-28 días dende a posta do derradeiro. As crías poden deixar o niño ao nacer, pero seguen ao coidado da súa nai ata que poden voar, ás 6-7 semanas.

HÁBITAT

Case calquera masa ou curso de auga doce, e en ocasións tamén no mar preto da costa.

DISTRIBUCIÓN

Boa parte de Eurasia agás pola maioría da Rusia asiática, Himalaia, rexións de Asia Central e Indonesia. Norteamérica, suroeste de Groenlandia e boa parte de Centroamérica e o Caribe. Norte do Magreb, leste de Exipto e Macaronesia. Introducido en Sudáfrica, Sudamérica, Malvinas, Australia, Nova Zelandia, Hawaii e Mauricio.

CURIOSIDADES

As femias presentan unha coloración parda e apagada, e os machos cabeza e pescozo de cor verde escura, un collar branco, peito castaño e o resto do corpo gris, branco e negro.

A subespecie presente no campus é *Anas platyrhynchos platyrhynchos* Linnaeus, 1758, propia de toda a súa distribución agás por Groenlandia.